



## GRUPO MUNICIPAL

M<sup>a</sup> del Carmen Moreira Martínez, concelleira do Grupo Municipal Marea Pontevedra, presenta para o seu debate no Pleno e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN para **FIXAR CRITERIOS DE XÉNERO E DE FOMENTO DE ACTIVIDADES NON COMPETITIVAS NA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O ámbito deportivo é un dos que padecen maior discriminación en materia de xénero, manifestada tanto na propia práctica deportiva coma na escasa (en ocasións nula), presenza das mulleres nos estamentos técnicos, arbitrais e de xestión.

O artigo 14 da Constitución española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. A Constitución obriga ademais (no artigo 9.2) aos poderes públicos a promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexa real e efectiva.

Como administracións máis próximas á cidadanía, os concellos representan o escenario de intervención máis axeitado para combater a discriminación, pola súa posibilidade de impulsar accións concretas en favor da igualdade.

No Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra para 2018 (no seu Plan estratéxico de subvencións, capítulo V), destínase unha partida de 2.562.080 euros para "favorecer a realización de actividades deportivas no municipio e apoiar todo tipo de entidades públicas ou privadas que programen ou realicen actividades, competicións e eventos de carácter deportivo".

Esta partida pretende o fomento, a través dos clubs e asociacións, da práctica deportiva entendida como unha actividade que contribúe á formación e o desenvolvemento integral da persoa, á súa socialización e ao benestar individual. Resulta acaído, por tanto, apoiar os clubs e asociacións deportivas para que desenvolvan programas de actividades deportivas competitivas e non

competitivas e promovan de facto a igualdade. Isto fai necesario que nas bases para a selección de clubs e asociacións deportivas se teñan en conta os seguintes criterios:

--Fomentar que a práctica deportiva chegue a todos os sectores da poboación, con especial atención ao deporte feminino.

--Consolidar un asociacionismo deportivo que garanta un reparto igualitario dos recursos entre equipos masculinos e femininos, e mais o uso dunha linguaxe e imaxes non discriminatorias.

--Impulsar a coordinación, colaboración e cooperación responsable en materia deportiva entre os entes deportivos locais e o Servizo de deportes do concello de Pontevedra.

En atención a isto, o GM de Marea Pontevedra formula a seguinte

### PROPOSICIÓN:

Instar á Xunta de Goberno Local a primar, na convocatoria anual de subvencións a clubs e asociacións deportivas, aqueles que cumpran os seguintes criterios:

1. Teñan categorías femininas no seu deporte e tendan á paridade entre homes e mulleres nos seus órganos de dirección.

2. Teñan en conta a presenza de referentes femininos, próximos e positivos, e conten con monitores de ambos sexos con formación en igualdade entre homes e mulleres.

3. Garantan a continuidade das escolas deportivas ou actividades ata os 16 anos.

4. Desenvolvan un programa propio de actividades para o fomento da práctica deportiva non competitiva.

Pontevedra, 9 de marzo de 2018

María del Carmen Moreira Martínez. Concelleira de Marea Pontevedra.

